



En virtude das competencias que me atribúe o artigo 21.1. e) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, emítese o seguinte

B A N D O

Que, debido ós problemas de sequía que estamos padecendo nos derradeiros meses, agravado todo elo polas altas temperaturas dos últimos días, apélamos á responsabilidade de tódolos veciños e veciñas da necesidade de aforro e un consumo responsable de auga da rede de abastecemento, para evitar restriccións nos vindeiros meses de verán.

Por este motivo débese consumir a auga estrictamente necesaria e non malgastala, quedando limitada para usos que non sexan domésticos (rego de fincas, lavado de coches, piscinas, etc).

Rógase a colaboración de tódolos usuarios para que se faga un uso racional da auga e así poder mellorar o servizo, de xeito que se trate de reparar as posibles fugas e averías con carácter inmediato, realizar duchas en vez de baños ou pechar os grifos mentras non se utilicen, todo elo encamiñado a evitar medidas máis drásticas como pode ser retriccións temporais de auga.

En aras do interese público e aos efectos de non ter que tomar medidas máis restritivas, apelo ao civismo e solidariedade da veciñanza no uso da auga, contando con todas as medidas necesarias encamiñadas á utilización máis eficiente posible da mesma

Dado na Consistorial de Ribadavia o día vintedous de xullo do dous mil vintedous.

A ALCALDESA



Asda: Noelia Rodríguez Travieso

